



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA DOUS DE MAIO DE DOUS MIL VINTETRÉS.

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial, ás catorce horas do día dous de maio de dous mil vintetrés, xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión extraordinaria conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 286/2023 de data 25 de abril de 2023.

Presidente:

Dona Ana Aránzazu Incera Ares (PsdG-PSOE), Primeira Teniente de Alcalde en substitución da Alcaldía (Decreto 297/2023).

Concelleiros asistentes:

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular).

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular).

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun terzo do numero de membros da Corporación, co fin de constituírse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pola Presidencia se da conta aos concelleiros asistentes do Decreto 297/2023, de data 28 de abril de 2023, de substitución da Alcaldía na Primeira teniente de Alcalde, e pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida, que son:





ORDEDODIA:

PARTE DISPOSITIVA

- 1.- SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIONS MUNICIPAIS 2023.
- 2.- ELECCION XUIZ DE PAZ TITULAR.
- 3.- DACION DE CONTA INFORME INTERVENCION REPAROS Y ANOMALIAS INGRESOS EJERCICIO 2022.
- 4.- DACION DE CONTA INFORME CONTROL INTERNO 2022 (E AUDITORIA REGISTRO ELECTRONICO DE FACTURAS).
5. - PERSONACION EN PROCEDEMENTO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO ORDINARIO 43/2023 P E ENCOMENDACION DE REPRESENTACION PROCEDIMENTAL E DEFENSA.
6. ORZAMENTO DA CORPORACION 2023 E PLANTILLA DE PERSOAL.
7. ADHESION AO PROGRAMA DE RECICLAXE A TRAVÉS DAS PLANTAS DE COMPOSTAXE PROMOVIDAS POLA ADMON XERAL DA CA DE GALICIA A TRAVÉS DE SOGAMA.
- 8.- APROBACION DA LIQUIDACION E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS REPARO 2/2022.
- 9.- REXISTRO MUNICIPAL DE INTERESES: APROBACION MODELOS DE DECLARACIÓN.

PARTE DISPOSITIVA

1.- SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIONS MUNICIPAIS 2023.

Toma a palabra a Presidenta para indicar que debemos realizar o sorteo dos membros das mesas para as municipais, para o que se vai a usar a aplicación informática como ven sendo habitual. O que sí indicar que debemos anotar os membros amán, porque non van a aparecer os datos completos no acta da sesión por protección de datos.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que di:

“ Considerando o Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, por el que se convocan elecciones locales y a las Asambleas de Ceuta y Melilla para el 28 de mayo de 2023 , publicado no BOE de 04 de abril de 2023.

A fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 26 de la Ley Orgánica de Régime Electoral Xeral vixente e cumpridas todas as formalidades legais establecidas, propónse ao Pleno da Corporación que mediante sorteo público se elixan aos membros das tres mesas electorais do Concello de Alfoz , salientando que ademáis de un titular e dous suplentes por plaza se nominen dous reservas para o suposto de excusa dos titulares ou suplentes.”

Realizados os trámites oportunos, se procede ao sorteo público, co seguinte





resultado:

Circunscripción Electoral: Municipio Alfoz.

Distrito Censal 1 Sección 001 Mesa U

CARGO NA MESA	DNI	Nº ELECTOR
<i>TITULARES</i>		
PRESIDENTE	***9360**	46
1 VOGAL	***8478**	365
2 VOGAL	***8468**	334
<i>SUPLENTES</i>		
1º DE PRESIDENTE	***8480**	537
2º DE PRESIDENTE	***8443**	351
1º DE 1º VOGAL	***8159**	186
2º DE 1º VOGAL	***9803**	562
1º DE 2º VOGAL	***9594**	326
2º DE 2º VOGAL	***6634**	534
<i>RESERVAS</i>		
1º RESERVA DE PRESIDENTE	***9114**	198
2º RESERVA DE PRESIDENTE	***9712**	429
1º RESERVA 1º VOGAL	***8249**	156
2º RESERVA 1º VOGAL	***6598**	442
1º RESERVA 2º VOGAL	***8299**	303
2º RESERVA 2º VOGAL	***2590**	132





Distrito Censal 1 Sección 002 Mesa A

CARGO NA MESA	DNI	Nº ELECTOR
<i>TITULARES</i>		
PRESIDENTE	***9708**	106
1 VOGAL	***1630**	131
2 VOGAL	***3686**	243
<i>SUPLENTES</i>		
1º DE PRESIDENTE	***9317**	144
2º DE PRESIDENTE	***6634**	163
1º DE 1º VOGAL	***9362**	12
2º DE 1º VOGAL	***2245**	155
1º DE 2º VOGAL	***9351**	191
2º DE 2º VOGAL	***9365**	220
<i>RESERVAS</i>		
1º RESERVA DE PRESIDENTE	***8285**	356
2º RESERVA DE PRESIDENTE	***7272**	132
1º RESERVA 1º VOGAL	***9314**	240
2º RESERVA 1º VOGAL	***6635**	358
1º RESERVA 2º VOGAL	***9062**	303
2º RESERVA 2º VOGAL	***2397**	302





Distrito Censal 1 Sección 002 Mesa B

CARGO NA MESA	DNI	Nº ELECTOR
<i>TITULARES</i>		
PRESIDENTE	***1044**	30
1 VOGAL	***3785**	89
2 VOGAL	***0903**	160
<i>SUPLENTES</i>		
1º DE PRESIDENTE	***0521**	296
2º DE PRESIDENTE	***8253**	273
1º DE 1º VOGAL	***6631**	333
2º DE 1º VOGAL	***8156**	347
1º DE 2º VOGAL	***0802**	294
2º DE 2º VOGAL	***9297**	267
<i>RESERVAS</i>		
1º RESERVA DE PRESIDENTE	***6630**	97
2º RESERVA DE PRESIDENTE	***1772**	286
1º RESERVA 1º VOGAL	***3897**	88
2º RESERVA 1º VOGAL	***6925**	138
1º RESERVA 2º VOGAL	***9279**	310
2º RESERVA 2º VOGAL	***5248**	84





2.- ELECCION XUIZ DE PAZ TITULAR.

Toma a palabra a Presidenta para dicir que se presentaron dúas persoas, pero se propón optar pola persoa que xa está desempeñando o posto, por valorar que vive e traballa no Concello e que xa ten unha dilatada experiencia, polo que se propón o nomeamento a prol de María Mercedes Fernández Río.

Non se producen intervencións.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

*“ Visto que o día 13 de marzo de 2023 recíbese comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (n.º RE 328) pola que se indica que a Sala de Goberno acordou en reunión de data 03/03/2023 que , estando próximo a vencer o periodo de catro anos polo que se nombrou **XUIZ DE PAZ TITULAR** de este municipio, se acorda oficiar ao Concello para que se inicie novo expediente para a elección dos mesmos no prazo de tres meses, de conformidade co indicado no artigo 101,4 da Lei orgánica 6/1985, do poder Xudicial, debendo remitir copia completa do expediente tramitado onde constarán as solicitudes, a documentación presentada e a profesión da persoa designada.*

Visto o informe emitido ao expediente pola Secretaria- Interventora Municipal no expediente 143/2023 , logo da providencia da Alcaldía de solicitude de emisión da mesma.

Visto que corresponde ao Pleno do Concello elixir as persoas para ser nomeadas Xuíz de Paz, titular e substituto deste Municipio, de conformidade ao que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Incoado expediente en data 14 de marzo de 2023 , incorporouse informe de Secretaria, Decreto da Alcaldía 193/2023 , de data 14 de marzo polo que se acorda a apertura do prazo de quince días hábiles e a publicación de bando no Boletín Oficial da Provincia, no Xulgado de Mondoñedo , na Sede electrónica municipal e no propio Xulgado de Paz de Alfoz.

A publicación no Boletín Oficial da Provincia ten lugar o día 21 de marzo de 2023 (n.º 066).

Considerando que finalizou o prazo de presentación de solicitudes, consta no expediente certificado expedido por Secretaria de solicitudes presentadas, co seguinte resultado:

— Núm. de rexistro de entrada: 394, de data 24/03/2023. Nome e apelidos: Maria Mercedes Fernández Río.

— Núm. de rexistro de entrada: 239, de data 08/04/2023 e enmenda n.º 504, de 19/04/2023 . Nome e apelidos: Eva Pérez Gallardo.

Considerando que a Sra Fernández Río goza de ampla experiencia no desempeño das funcións como xuíz de paz de este Concello dende 1989, e estimando que está en





condicións de manter , como ata agora, unha maior flexibilidade e dispoñibilidade horaria presencial para o correcto funcionamento do xulgado polo feito de residir e desenvolver a súa actividade profesional no municipio, propónse por esta Alcaldía ao Pleno a súa designación.

Visto o informe de Secretaría e de conformidade cos artigos 22.2 p) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como co artigo 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, **PROPONSE a adopción do seguinte :**

ACORDO

PRIMEIRO. Designar a MARIA MERCEDES FERNANDEZ RIO con NIF ***6634**, con domicilio en Lugar de Mor , A Seara n.º 7, 27773, Alfoz , con estudos de EGB, e de profesión autónoma no sector da hostelería , que ven desempeñando o cargo de Xuiz de Paz dende novembro de 1989 , como Xuíz de Paz titular .

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xulgado Decano de Mondoñedo , que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz)."

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de seis votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

3.- DACION DE CONTA INFORME INTERVENCION REPAROS Y ANOMALIAS INGRESOS EJERCICIO 2022.

Toma a palabra a Presidenta para indicar que se trata de dar conta do informe ao que puideron acceder no expediente e pregunta si se quere facer algunha pregunta.

Non se producen intervencións.

O Pleno dáse por enterado.

4.- DACION DE CONTA INFORME CONTROL INTERNO 2022 (E AUDITORIA REGISTRO ELECTRONICO DE FACTURAS).

Toma a palabra a Presidenta para indicar que tamén se trata dunha toma de coñecemento dos informes e si se desexa facer algunha pregunta.

Non se producen intervencións.

O Pleno dáse por enterado.

5. - PERSONACION EN PROCEDIMIENTO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO





ORDINARIO 43/2023 P E ENCOMENDACION DE REPRESENTACION PROCEDIMENTAL E DEFENSA.

Toma a palabra a Sra Presidenta para indicar que como sabedes o procedemento ven de atrás, que xa o tratamos varias veces en Pleno, e se trata de delegar na Deputación de Lugo para que se encarguen eles.

Toma a palabra a Sra. Maseda Paz, voceira do grupo municipal VIA Alfoz, para indicar que haberá que seguir o procedemento e estar ao que diga o Xulgado.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

“ En data 14 de abril de 2023 con n.º Re 486 , recíbese oficio do Xulgado do Contencioso- administrativo n.º 1 de Lugo recaído en Procedemento Ordinario 43/2023 P, sendo demandante dona Amelia Basanta Eiroá contra o Concello de Alfoz sobre dominio público.

O citado oficio se compaña de escrito de interposición de recurso contencioso administrativo contra o acordo do Pleno de data 25 de novembro de 2022 polo que se desestima recurso de reposición contra resolución municipal de 22 de xullo de 2022 sobre expediente de recuperación posesoria en relación co denominado “ camiño Cascadrado” (expediente 121/2022).

Tendo en conta que consta como antecedentes o Expediente 360/2017, “ Inventario de camiños do Concello de Alfoz”, sobre o que recaiu os seguintes acordos:

- Acordo do Pleno de data 27 de xaneiro de 2017 de aprobación con carácter inicial do Inventario de camiños municipais do concello de Alfoz.

- Acordo do Pleno da Corporación de data 24 de novembro de 2017 polo que se resolven alegacions e se aproba definitivamente o Inventario de Camiños do Concello de Alfoz. Unha das alegacións foi presentada pola recurrente, n.º de activo 1c.1,0096 e foi desestimada porque o vial aparece recollido na concentración parcelaria , polo que se mantén inventariado o vial co numero de activo 1C.1.0096.

En data 10 de abril de 2018 , n.º RE 488 se recibe comunicación de finalización obra Camiños secundarios ZCP Pereiro-Oiras dende o Servizo de Infraestructuras Agrarias de Lugo.

Posteriormente a Sra Basanta Eiroa interpuxo contencioso administrativo contra este acordo 200/2018-C, no que recaiu sentenza 250/2021 , de data 18 de outubro de 2021 , sobre inadmisibilidade do recurso por non ter impugnado no seu día o proceso concentrador.

Igualmente consta como antecedente o expediente 94/2019, recuperación de uso camiño da Croa, incoado tras petición de retirada de peche efectuada por Dona Maria Soledad Basanta Cabanas.(04/03/2019) no que se concedeu trámite de audiencia e acceso ao expediente á Sra Basanta Eiroá, agora recurrente.

O expediente 121/2022 estivo motivado por solicitude presentada o 17 de





decembro de 2021 por Francisco Basanta Eiroá solicitando , logo da sentenza referida 250/2021, que se executen actuacións para garantir o uso do camiño.

Neste expediente se acorda a acumulación de procedementos (121/2022 e 94/2019) e recae o acordo agora impugnado.

Incoado expediente 181/2023 logo da recepción do recurso, no mesmo se incorpora informe xurídico emitido pola Secretaria-Interventora municipal, que conclúe : “ INFORMO que cabe e procede a defensa dos intereses municipais no procedemento ordinario 43/2023 P , contra o acordo plenario de 25 de novembro de 2022 sobre desestimación de recursos de reposición contra acordo plenario de 22 de xullo de 2022 (adopción de acordo de exercicio de acción recuperatoria do uso do camiño Coto da Croa, Cascadrado, de titularidade pública municipal (Inventario de Camiños 1.C.1.0096),) con reiteración de obriga de retirada de peches.

Sobre a encomenda aos servizos xurídicos da Deputación da personación e defensa é unha posibilidade legal e económica para o Concello. “

Á vista do tramitado, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar a personación en autos no procedemento ordinario n.º 43/2023- P ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 1 de Lugo en defensa dos bens de dominio público municipal, en concreto, da recuperación do uso do camiño de titularidade pública do denominado “ Camiño da Croa” n.º de referencia do Inventario de Camiños Municipais n.º de activo 1C.1.0096 , exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación aos letrados da Asesoría Xurídica da Excmª Deputacion Provincial de Lugo ao abeiro de canto se dispón no Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica (BOP 14/01/2020).

SEGUNDO.- Nomear aos letrados da Asesoría Xurídica da Excmª Deputacion Provincial de Lugo, para que en nome e representación de este Concello acudan a dito acto, e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de seis votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

6. ORZAMENTO DA CORPORACION 2023 E PLANTILLA DE PERSOAL.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Toma a palabra a Alcaldesa para decir que como se rexistraron unhas enmendas do Grupo Municipal VIA Alfoz, se cede a palabra para a súa exposición.

Consta no expediente o seguinte documento presentado o día 02/05/2023(n.º RE 284):

EMENDA Nº1. REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL PARA CREAR SOLO URBANIZADO CON DESTINO DE USO INDUSTRIAL

Descrición. O Concello de Alfoz está dentro dos concellos de Galicia aos que a Xunta de Galicia lles está a tramitar un Plan Básico Municipal. Partindo de que o Plan Básico Municipal non desenrola Solo Industrial, figura que unicamente contempla un Plan Xeal de Ordenación Municipal, e conscientes da necesidade deste tipo de solo no noso concello para o desenrolo do tecido empresarial local, consideramos necesaria a redacción dun Plan Especial para crear Solo Urbanizado con destino de Uso Industrial.

Financiamento. Esta nova partida entendemos que se debería incluír no capítulo de Transferencias Correntes por un importe de 40.000 €. O custe da medida financiaríase coa redución de diferentes partidas de gastos diversos correspondentes ao Capítulo 2 Gastos Correntes en Bens y Servicios, así como dos remanentes de exercicios anteriores.

Intervén a Sra. Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz , para decir que a primeira de ella é referente a que no anexo de inversións non se contempla partida para a redacción do documento necesario para desenvolver solo industrial, e que é algo que se considera moi necesario, porque o Plan Básico non o vai a desenvolver. Propónse que os 40.000 euros que se estiman necesarios se financien do capítulo 2 de gastos ou con cargo a remanentes do exercicio anterior.

Resposta a Sra Alcaldesa e voceira do Grupo Municipal do PsdG- PSOE que o día 25 de novembro do ano pasado xa foi debatido este tema no pleno e como consta no acta no Plan Básico si que están delimitadas parcelas de solo industrial, e de desenvolverse habería acometidas de accesos, servicios.. e non ten sentido que o faga o Concello cando deben solicitar as empresas á Xunta, que incluso ten flexibilizado para que se poidan instalar noutros lugares. Ademais no Plan Básico si que se van a contemplar espazos para talleres e autónomos, pero para as grandes empresas non tería sentido acotar o lugar cando poden pedir para outra ubicación, e lles remito á acta da sesión de novembro o que xa se tratou.

Di a Sra. maseda que nese pleno quedou o tema no aire sobre si o Plan Básico delimitaba solo industrial, e respecto do que xa está instalado, pero nada máis que as que queiran vir terán que ter solo industrial para facelo.

A Sra Incera resposta que non, que hai parcelas nas que poderían facelo solicitándoo á Xunta, que non se vai a modificar o orzamento para o pedido





porque se entende que non é necesario e que sería a Xunta a quen lle correspondería.

Sometida a primeira enmenda a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, co resultado de 2 votos a favor (VIA Alfoz) e catro votos en contra (PsdG-PSOE), ACORDA:

Non prestar aprobación á primeira enmenda.

EMENDA Nº2. REDACCIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE LAGOA, ADELÁN E CASTRO DE OURO.

Descrición. Unha das competencias propias e esenciais do Concello de Alfoz é a depuración e o saneamento das augas residuais, que desenvolve o propio concello por si mesmo e mediante o convenio da ETAP co Concello de O Valadouro e a Xunta de Galicia. A rede de saneamento existente, que discorre polas parroquias de Bacoí, Carballido, Mor, Reirado e parte do Castro de Ouro, leva anos sen completarse. O obxectivo das actuacións propostas é dotar de servizo de saneamento ás vivendas das parroquias de Lagoa, Adelán e Castro de Ouro, enlazando coa rede existente. Para levar a cabo esta importante infraestrutura, terase que asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para o que se deberá contar cunha partida orzamentaria correspondente á parte financiada polo concello.

Financiamento. Esta nova partida entendemos que se debería incluír no capítulo de Investimentos por un importe de 50.000 €. O custe da medida financiaríase coa substitución da 161.623 que, na proposta de orzamento, corresponde ao proxecto de modernización da rede de abastecemento. Contadores de auga en puntos de subministro, por non considerar esta partida como prioritaria, xa que os usuarios da rede de abastecemento xa deberían dispoñer de contador nos puntos de subministro, en cumprimento da correspondente ordenanza, e o feito de que ditos contadores pasen a ser propiedade do concello dará lugar a un custe de alugueiro que terán que asumir os propios usuarios .

Toma a palabra a Sra. Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, para indicar que esta moción propón cambiar o crédito da partida 161.623 para a modernización da rede de abastecemento de auga con cambio de contadores , que non sabemos si suporía un imposto de alugueiro para os veciños, e que os contadores están en perfecto estado, e poder usar esos cartos para rematar o saneamento pendente das parroquias de Lagoa, Adelán e O Castro.

Toma a palabra a Sra Incera, Alcaldesa e Voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, para indicar que en primeiro lugar hai unha lei que está en moratoria para os concellos pequenos, que obriga a cambiar os contadores de máis de 12 anos. Ademáis, cantos máis anos máis posibilidades de lecturas erróneas, aínda que o marxe non sexa moi esaxerado. Esa partida é financiada con cargo á subvención Fondo adicional do Fondo de compensación ambiental. Ademáis, a medida de sustituir os contadores é unha medida que forma parte dun Plan deseñado para optimizar a auga e por unha auditoría previa do sistema de abastecemento que xa se fixo o ano pasado. De feito, agora mesmo se





está facendo a auditoría do sistema de saneamento, que será unha radiografía do que temos con detección de problemas e medidas a adoptar, tendo en conta que ademáis este tema depende directamente de Augas de Galicia, que son os que están levando a depuradora polo Convenio que temos, e para calqueira aumento de volume ou medida temos que contar con eles . Esos 50.000 euros son para empezar a executar as medidas do Plan de redución de perdas de auga, e é un sistema máis eficiente, que vai a evitar que unha persoa teña que ir mirar contador por contador, o sistema de lectura non ten erros, e ademáis vai a permitir detectar incrementos anómalos por fugas, polo que vai a supoñer un aforro para os usuarios. Cando teñamos a auditoría do saneamento se verá cómo mellorar o sistema, pero a modificación do orzamento que piden non é posible, primeiro porque é unha subvención, segundo porque se fai para cumprir a lei e a ventaxa que temos para que a concedan é precisamente ter o Plan aprobado antes de ser obrigatorio por lei.

A Sra Maseda pregunta cál é esa lei que obriga a cambiar os contadores.

A Sra. Incera resposta que é a Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

O Sr. Lorenzo pregunta si está en vigor,

A Sra Incera indica que sí para os municipios grandes, que para os pequenos están en moratoria porque son conscientes das dificultades que temos .

O SR. Lorenzo pregunta si vai a ter coste para os veciños.

A Sra Maseda pregunta si se van a poñer os contadores en aluguer.

A Sra. Incera resposta que entendo que non, que serán municipais, porque ademáis os contadores deben estar en sitios visibles e accesibles. Neste caso o contador manda os datos sen necesidade de comprobación presencial. Non se pode poñer un contador nunha casa e que non se poda leer. Ademáis tamén é para controlar as fugas e agora mesmo ata que se fan as lecturas nons se nota o pico de gasto , que agora mesmo cando o detectamos estamos notificando aos veciños para que teñan constancia, porque ao incrementar o consumo o canon da xunta sube moito no recibo, e ademáis non ten sentido derrochar auga que o cambio climático está ahí, e debemos adoptar medidas.

A Sra. Maseda pregunta si o veciño terá que pagar o contador.

A Sra Incera di que o Concello pide a subvención para compralos e instalalos, e incluso aos contadores xa postos que estén novos se lles poderá acoplar un sistema de lectura. Escolleuse a zona máis poblada, e logo irá outras fases. Ademáis, hai que darlle unha volta á ordenanza da auga, e mirar de adoptar as medidas xa previstas no Plan de abastecemento, pero que no tema do saneamento tamén dependemos da Xunta de Galicia que é a que xestiona a depuradora.

Sometida a segunda enmenda a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, co resultado de 2 votos a favor (VIA Alfoz) e catro votos en contra (PsdG-PSOE), ACORDA:





Non prestar aprobación á segunda enmenda.

A Sra. Maseda pregunta que falta no orzamento partida para a cobertura da pista de pádel cando estaba outros anos.

A Sra. Incera indica que estamos en condicións de informar que se vai a financiar cun convenio coa Deputación provincial que nos comunicaron recentemente pola existencia de remanentes, e se vai a facer ademáis de cubrir a pista de pádel amueblar e dotar de electrodomésticos eficientes á vivenda de A Pinguela para que cumpla coa súa finalidade de aluguer social ou emerxencia.

O Sr. Lorenzo indica que tamén se pode poñer papeleras na pista de pádel que está chea de botellas e pelotas. A Sra Incera resposta que hai contenedores e que xa que os usuarios non pagan poderían ter o civismo de recoller a basura.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

“ Dáse conta do expediente tramitado para a súa aprobación, no seu caso, do Orzamento de este Concello, formado para o exercicio do 2023 polo Sr. Alcalde, basándose nos seguintes FUNDAMENTOS:

1. O disposto na lexislación específica de Réxime Local, así coma na lexislación estatal de carácter básico ou complementario, en materia orzamentaria .
2. O Expediente de Orzamento Xeral da Entidade para o ano 2023(157/2023).
3. As Bases de Execución do orzamento e os Anexos e demais documentación complementaria sinalados nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais . Respecto das facilitadas no seu días aos concelleiros para o seu exame, indicar que as definitivas recollen na base 33 unha modificación do importe asignado como subvención nominativa á Asociación Deportiva río Ouro (de 2.500 a 3.500 euros), sen variación de consignación total da partida.
4. A Plantilla de Personal para o Exercicio 2023, coherente coa Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 26 de marzo de 2021, e publicado no BOP de data 13 de abril de 2021.
5. O previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, no referente ao cumprimento do principios de estabilidade orzamentaria .
6. O informe emitido pola Intervención Municipal, con data 03 de abril de 2023.





Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobado inicialmente o Expediente de Orzamento Xeral da Entidade para o ano 2023 presentando en equilibrio inicial por importe de 2.316.564,37 euros , cuio desglose por capítulos é o que segue:

I. ESTADO DE INGRESOS.

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	457.434,95
2	Impostos Indirectos	153.691,18
3	Taxas e Outros Ingresos	310.981,77
4	Transferencias Correntes	9980.255,83
5	Ingresos Patrimoniais	878,32
	Total operacions correntes	1.903.242,05
6	Alleamento de Investimentos Reais	0
7	Transferencias de Capital	413.322,32
	Total operacions de capital	413.322,32
	Total operacions non financeiras	2.316.564,37
8	Activos Financeiros	0
9	Pasivos Financeiros	0
	Total operacions financeiras	0,00
TOTAL INGRESOS		2.2316.564,37 €

II. ESTADO DE GASTOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	601.635,79
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.018.736,48
3	Gastos financeiros	700,00
4	Transferencias correntes	152.943,83
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0
	Gastos operacions correntes	1.774.016,10
6	Investimentos reais	536.341,31
7	Transferencias de capital	6.206,96
	Gastos de capital	542.548,27
8	Activos Financeiros	0,00





9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL GASTOS		2.316.564,37 €

2. Aprobar o Anexo de Inversións para o ano 2023.
3. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral da entidade .
4. Aprobar a Plantilla Orzamentaria e as Táboas Retributivas do Persoal da Entidade para o ano 2023, que consta no expediente de Orzamentos Presupuestos.
5. Aprobar e fixar o Límite de Gasto non Financeiro, tamén denominado como techo de gasto , en 2.316.564,37 euros, en cumprimento do disposto polo artigo 30 da LOEPSF e logo da suspensión da aplicación das regras fiscais que deriva do acordo do Congreso de los Diputados, en sesión de 22 de setembro de 2022.
6. Expoñe ao público o acto de aprobación inicial do Expediente, por espazo de 15 días hábiles, no Taboeiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.
7. O Expediente se considerará definitivamente aprobado, se ao termo do periodo de exposición non se presentaran reclamacións, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por Capítulos, no BOP e no Taboeiro de Anuncios deste Concello , junto coa Plantilla , así como relación de cargos con dedicación exclusiva e parcial e indemnizacións e asistencias, de conformidade co disposto no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, o artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 169.3 do citado Real Decreto Legislativo e noutro , procederáse de conformidade co previsto no número 1 in fine do citado artigo .
8. Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo , se remita copia do referido orzamento á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.
9. Procédase á publicación do expediente no Portal de Transparencia de esta Corporación . “

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de catro votos a favor (Grupo Municipal PsdG-PSOE) e dúas abstencións (Grupo Municipal VIA), maioría simple , ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa totalidade.

7. ADHESION AO PROGRAMA DE RECICLAXE A TRAVÉS DAS PLANTAS DE COMPOSTAXE PROMOVIDAS POLA ADMON XERAL DA CA DE GALICIA A TRAVÉS DE SOGAMA.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Toma a palabra a Presidenta para indicar que supoño que sabedes que hai unha nova fracción de lixo, o colector marrón, que hai que implantar a finais de este ano. Xa está programada a recollida pola Mancomunidad de Municipios da Mariña Lucense para optimizar o servizo, e hai que verter en Cervo, e este punto do Pleno vai precisamente para isto. Segundo os cálculos, haberá unha recollida de 17,62 toneladas, ademais de que vai moi ben o plan de compostaxe. Se trata de reducir as toneladas do verde e seguramente a cantidade a tratar sexa menos .

A petición da Alcaldesa, pola Secretaria- Interventora se facilitan as cifras e o aforro calculado.

Non se producen intervencións.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

Visto que a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular , recolle como obriga para as entidades locais que se establezca a recollida de residuos de forma separada segundo as fraccións, recollendo como novidade, entre outros, a recollida de biorresiduos de orixe doméstico antes do 31 de decembro de 2023 para os municipios de menos de cinco mil habitantes.

Visto o DOGA N.º 11 de data 16 de xaneiro de 2018 no que se publica a RESOLUCIÓN de 19 de diciembre de 2017 por la que se establecen las condiciones para la adhesión de los ayuntamientos al Programa específico de promoción del reciclaje mediante la puesta en marcha y la gestión de una planta de compostaje promovida por la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia a través de la Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)

Se entenderá como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstico ou comunitario. Isto supón a necesidade de implantar un novo colector , que viría a unirse aos actuais azuis (papel e cartón), amarelo(envases), iglú verde(vidro) e verde .

Así, no novo contenedor marrón se recollería restos orgánicos ou biorresiduos que poden ser obxecto de reciclaxe nas plantas de compostaxe.

Consta en dependencias o Estudo de eficiencia de recollida de residuos realizada pola Mancomunidad de Municipios da Mariña Lucense conforme ao cal se prevé que a cantidade de toneladas anuais do Concello de Alfoz para este tipo de residuo sexa de 17,62 toneladas anuais.

A fin de poder cumprir co prazo legal se incoa expediente 153/2023 de adhesión do Concello de Alfoz (Lugo) ao Programa da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidad Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)

No citado expediente consta Memoria económica acreditativa da necesidade , oportunidade e aforro que suporá para o Concello a citada adhesión, tendo en conta que





se trata , por un lado cumprir co prevenido na normativa indicada, aproveitar o sistema público implantado por la Xunta e Galicia que contempla planta no vecino concello de Cervo, o que reducirá os costes de transporte dos residuos.

De conformidade co indicado na cláusula terceira : O importe o canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU entregada fíxase na cantidade de 48,30 euros/tonelada máis IVE para o ano 2023 e actualizárase anualmente, no mes de xaneiro consonte a evolución do índice de prezos de consumo galego, publicándose a dita actualización no Diario Oficial de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo os cálculos realizados no estudo de implantación da Mancomunidade, o coste anual para o concello de Alfoz sería de 851,05 euros máis IVE ao ano. Pode afirmarse que a implantación deste sistema suporá, sin embargo, aforro para o concello superior ao citado cálculo de coste , atendendo ao seguinte:

1º. No periodo 2020 a 2022 por este Concello realizouse investimentos e estableceuse unha ampliación de implantación de colectores , especialmente amarillos, o que unido á campaña de composteiros durante o mesmo período, supuxo, en cómputo para os catro anos referidos, unha redución de 32 toneladas de RSU tratadas en SOGAMA e un aforro na fracción resto para o citado periodo de 7.730,77 euros.

2º. Nun escenario lóxico, a correcta recollida do FORSU (para o colector marrón) debe reducir o importe de toneladas para o colector resto ou verde , alomenos na mesma proporción ou similar, o que suporía aforro na medida en que o coste tonelada de FORSU (48,30/ T/ano) é 20,70 euros menor que o coste da Tonelada RSU en SOGAMA (69/T/ano). Así $17.62 \text{ T} \times 20,70 \text{ E/T}$ supón un aforro de 364,73 euros anuais.

Consta no expediente informe xurídico.

Á vista do tramitado, esta Alcaldía PROPON AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Acordar a **Adhesión do Concello de Alfoz (Lugo) ao Programa da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)**

SEGUNDO.- Facúltese ao Alcalde-Presidente ou quen legalmente lle substitúa para a sinatura de cantos documentos sexan precisos.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de seis votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.





8.-APROBACION DA LIQUIDACION E RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS REPARO 2/2022.

Toma a palabra a Alcaldesa para indicar que se trata dunha factura de Caselo, que moitas veces cando se van facer estas actuacións non se pode facer presupuesto previo porque non sabes con seguridade o tempo ou o material que fai falta. Ademáis, o problema é que a factura foi presentada o 31 de decembro e non houbo capacidade para asumila, que si se houbera presentado antes non tería problema, e ademáis con cambios en subvencións como a de Igualdade incrementáronse os gastos na bolsa.

Neste momento, sendo as 15.55 horas, se ausenta do Pleno a Sra. Goás Lorenzo, volvendo ao minuto seguinte, acordando os concelleiros esperar á súa reincorporación para proceder á votación.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente:

